


CAMPAVERÁN É RAXÓVERÁN 2022



BASES



CONCELLO
DE POIO
Conceleira de Educación

1972-2022
50 Combarro
Conxunto Histórico



AGENDA
2030

BASES DA CONVOCATORIA DE CAMPA VERÁN E RAXÓ VERÁN 2022

1. OBXECTO

É un programa organizado pola Concellería de Educación do Concello de Poio que xurde da necesidade de establecer mecanismos para a conciliación da vida laboral e familiar que permitan ás familias desempeñar plenamente todos os ámbitos da súa vida.

Despois de dous anos de crise sanitaria derivada do COVID-19, aínda segue sendo moi necesario, o establecemento de mecanismos que faciliten ás familias recuperar unha economía familiar que quedou moi minguada nos últimos anos.

Nun contexto educativo, o desenvolvemento deste servizo permite o fomento da participación social, a integración, a convivencia, a solidariedade e o desenvolvemento das/os escolares a través de actividades de ocio saudables que responden a criterios e valores educativos.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

As/os nenas/os empadroadas/os ou escolarizados no municipio de Poio nadas/os entre os anos 2010 e 2018 (ambos inclusive), e fillos e fillas de traballadores/traballadoras que teñen o seu posto de traballo no municipio de Poio.

3. DATAS DE REALIZACIÓN E HORARIO

A actividade desenvolverase entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, dividida en dúas quendas mensuais segundo se detalla:

Quenda da 1ª quincena do mes de xullo: do 1 ao 15 de xullo.
Quenda da 2ª quincena do mes de xullo: do 16 ao 31 de xullo.
Quenda da 1ª quincena do mes de agosto: do 1 ao 15 de agosto.
Quenda da 2ª quincena do mes de agosto: do 16 ao 31 de agosto.

Os horarios establecidos serán os seguintes:

CAMPA VERÁN 2022: de luns a venres (excepto festivos) de 07:30 a 15:00 h.

RAXÓ VERÁN 2022: de luns a venres (excepto festivos) de 09:00 a 14:00 h.

Co fin de evitar a concentración de persoas, estableceranse diferentes franxas horarias para que a entrada e/ou saída se faga de xeito graduado, e que deberá indicarse na solicitude.

4. NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

O programa **CAMPAVERÁN 2022** ofertará un total 480 prazas distribuídas en 120 prazas cada quenda dos meses de xullo e agosto.

As actividades deste programa realizaranse no CEIP Isidora Riestra (Cmño. da Reiboia, 10).

As prazas ofertadas en cada quenda dividiranse segundo se indica a continuación:

O programa **RAXÓVERÁN 2022** ofertará un total 120 prazas distribuídas en 30 prazas por cada unha das quendas dos meses de xullo e agosto.

As actividades deste programa levaranse a cabo no CEIP Espedregada, sito no camiño da Serpe, 3 – Raxó.

	1ª quincena xullo	2ª quincena xullo	1ª quincena agosto	2ª quincena agosto
CEIP ISADORA RIESTRA	120 prazas	120 prazas	120 prazas	120 prazas
CEIP ESPEDREGADA	30 prazas	30 prazas	30 prazas	30 prazas

5. PREZOS

Os prezos públicos foron aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Poio.

COTA POR CADA QUENDA	CAMPA VERÁN	RAXÓ VERÁN
1ª filla/o inscrita/o	30,00 €	25,00 €
2ª filla/o inscrita/o	20,00 €	15,00 €
3ª filla/o inscrita/o	10,00 €	5,00 €
4ª filla/o inscrita/o	De balde	De balde

6. INSCRICIÓNS

As solicitudes de inscrición poderán presentarse a través da [sede electrónica do Concello](#) aberto 24 horas, ou ben con [cita previa](#), no Rexistro Xeral do Concello de Poio, en impreso normalizado para este fin, xuntándose a documentación que se relaciona no impreso. O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 2 de maio e rematará o día 13 de maio (ambos inclusive).

7. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Finalizado o prazo de inscricións e, no caso de que a demanda sexa superior ás prazas ofertadas, farase unha baremación cos seguintes criterios:

7.1.- SITUACIÓN LABORAL

Familia con dous proxenitores en situación laboral activa: 10 puntos.
Familia onde só un/unha proxenitor/a estea en situación laboral activa: 5 puntos.
Familia monoparental en situación laboral activa: 15 puntos.

7.2.- SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

Familia numerosa (2 puntos)
Familia monoparental (2 puntos)
Menor/es empadroados/as en Poio (12 puntos)
Menor escolarizado en Poio (10 puntos)
Menor/es con grado de discapacidade recoñecido polo Organismo correspondente (mínimo 33%) (2 puntos)
Dous ou máis fillas/os inscritas/os nos campamentos organizados pola Concelleira de Educación mesmo campamento e quenda: (1 puntos)

O concello de Poio reservará unha praza por quenda no campamento de Campa Verán para usuarios/as dos Servizos Sociais e CIM do Concello de Poio, previo informe da profesional correspondente.

8. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN:

Solicitud de inscrición segundo Anexo I.
Fotocopia do DNI da nai, pai ou titor/a legal.
Fotocopia da Tarxeta Sanitaria da/o nena/o.
Fotocopia DNI ou libro de familia do/a menor.
Fotografía tamaño carné da/o neno/a.
Certificado ou documento acreditativo de estar escolarizado/a nun centro educativo de Poio (soamente no caso de non estar empadroadado/a.)
Fotocopia do documento acreditativo de ser familia monoparental ou numerosa.
Fotocopia documento acreditativo de discapacidade (mínimo 33%).
Informe social (no seu caso).
Para acreditar a súa situación laboral activa poderán presentar: Presentación do "Informe da Situación actual do traballador" expedido pola Tesoureira da Seguridade Social, ou vida laboral actualizada xunto coa copia do contrato laboral.
As familias residentes fóra do municipio, pero con posto de traballo en Poio, deberán presentar ademais da documentación anteriormente indicada, aquela que acredite que o seu posto de traballo está no municipio de Poio.
Autorización das persoas que poden recoller as nenas e nenos do Campa Verán e Raxó Verán

*Outra documentación: Calquera outra documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade, no seu caso.

*Nota a ter en conta: Cada participante poderá inscribirse en tantas quendas como desexe. A organización comprobará o empadramento da/do nena/o no Padrón municipal de habitantes do Concello de Poio.

9. PROCESO DE SELECCIÓN

No caso de que a demanda sexa superior ás prazas ofertadas realizarase a baremación das solicitudes e documentación presentada, segundo o previsto no punto 7 destas bases polo servizo de Educación e Cultura do Concello de Poio .

- Publicación da LISTA PROVISIONAL de admitidos/as, coas puntuacións acadadas, o día 30/05/2022 na localización web do taboleiro de anuncios do Concello: <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/>

- Para emenda de erros/ou falta de documentación, presentación de reclamación ou renuncias o prazo será: do 31/05/2022 e 01/06/2022 (ambos inclusive).

- Resoltas as reclamacións e vistas as renuncias presentadas, procederase a publicación da LISTA DEFINITIVA de admitidos/as e da lista de agarda cos/as solicitantes excluídos/as que se publicará o día 06/06/2022.

No caso de empate na puntuación, as prazas ofertadas adxudicaranse por rigoroso orde de inscrición no Rexistro municipal de Entrada do Concello de Poio.

A publicación realizarase na web do taboleiro de anuncios do Concello: <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/> .

De producirse baixas na actividade, os/as nenos/as accederán ó campamento seguindo a orde na que figure na lista definitiva publicada o día 06/06/2022, o que será debidamente notificado por teléfono ou correo electrónico.

A estes efectos terase en conta o disposto na disposición adicional sétima da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

10. CONFIRMACIÓN DA PRAZA:

Confirmación da praza, previo pago da matrícula na conta bancaria titularidade do Concello de Poio, ES68-2080-5419-9630-4011-5346 (Abanca), indicando no concepto, o campamento elixido (Campa Verán ou Raxó Verán 2022) co nome e apelidos da/o menor e as quendas nas que se inscriba.

Os documentos de pagamento serán individualizados para cada menor; tamén no caso de irmás ou irmáns.

Disporá de 3 días hábiles desde o día 7 ata o 9 de xuño de 2022 (ambos inclusive), para efectuar o pagamento e remitir xustificante de ter pagado o importe da actividade, mediante correo electrónico: educación@concellopoio.gal ou de xeito presencial no Departamento de Cultura e Educación.

No caso de non aboarse ou non remitir o xustificante do importe no prazo sinalado entenderase como renuncia, e a lista correrá segundo a orde que resulte da baremación.

Se unha vez obtida a praza e aboada a cota de inscrición, o/a participante non puidera asistir á actividade, non terá dereito a devolución da cota e entrará o seguinte neno/a, en reserva.

Soamente se contemplará a devolución do importe da inscrición nos seguintes casos, debendo solicitalo por escrito :

Que o programa non se poida realizar por crise sanitaria.

Que se cancelen as actividades por non acadar o número mínimo de asistentes.

Que a persoa solicitante renuncie por obter praza noutro campamento organizado polo Concello de Poio, (deberá achegar o xustificante de pagamento).

No caso de que a persoa interesada non puidese asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificadas:

Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegar o correspondente xustificante médico)

Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dunha ou dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar a xustificación do motivo)

11. PUBLICIDADE

As presentes bases e o listado de admitidas/os, seleccionados/as e de agarda publicarase na localización web do taboleiro de anuncios do Concello: <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/> e no portal de transparencia.

A estes efectos terase en conta o disposto na disposición adicional sétima da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

12. FINANCIACIÓN E CUSTO DO SERVIZO

A prestación do servizo CAMPA VERÁN ten un custo de 29.139,00 euros (IVE engadido) e o servizo RAXÓ VERÁN un custo de 8.129,00 € (IVE engadido), que se sufragará en parte polas tarifas abonadas polas/os usuarias/os da actividade. A diferenza entre o recadado e o custo do servizo será asumido polo Concello de Poio tendo en conta o seu interese público dende a perspectiva da conciliación da vida laboral e familiar, así como do interese social e cultural dos programas.

13. INTERPRETACIÓN DAS BASES

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases resolveraseas o Servizo de Educación.

14. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Poio, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre Protección de Datos na páxina web do Concello de Poio na seguinte ligazón www.concellopoio.gal/index.php/politica-de-privacidade.

15. PROTOCOLO SANITARIO DE APLICACIÓN

Os campamentos se adaptarán a nova situación sanitaria xerada pola COVID-19. Así, o programa axeiouse ás ratios establecidas co fin de manter a distancia de seguridade recomendada, incrementar os labores de limpeza e desinfección e deseñar as actividades que se poden levar a cabo sen risco de contaxios, respectando as recomendacións da normativa de seguridade e saúde en vigor en cada momento.

As actividades levaranse a cabo coas adaptacións necesarios en canto a limitación de ocupación máxima nas instalación e reforzo das medidas hixiénico-sanitarias e incrementando as ratios de monitoras e monitores por menor participante para prestar o servizo de maneira eficiente e con todas as garantías.



DESCARGAR FORMULARIO INSCRICIÓN

